

CONCURSO DE TARXETAS DE FELICITACIÓN DO NADAL EN GALEGO

Sobre a tarxeta de felicitación

A idea deste concurso é a de crear unha tarxeta de felicitación do Nadal representativa do CIFP Ferrolterra.

O deseño da tarxeta é libre, podedes empregar as novas tecnoloxías, realizala en formato dixital, ou con diversos materiais (madeira, metal, etc)... o único requisito é que a mensaxe de felicitación estea escrita **en galego**.

A tarxeta podería incluír os seguintes elementos:

- Nome e logotipo do instituto
- Fondo de nadal.
- Texto de felicitación en galego
- Opcionalmente:
 - Acceso a través desta tarxeta de felicitación a:
 - Vídeo de nadal onde aparezca unha ou varias personaxes (usando un código QR)
 - Posibilidade de usar esta tarxeta en realidade aumentada, de forma que con un dispositivo móbil poida aparecer Papa Noel desexando unhas felices festas, por exemplo.

Participación

Este concurso está pensando para todos @s alumn@s do CIFP Ferrolterra e o procedemento para entregar a tarxeta en formato dixital será o seguinte:

1. A tarxeta final deberá estar gardada co nome e o curso ao que pertence @alumn@ en formato pdf. Por exemplo: María Pérez López – SAU2.pdf
2. Enviar a tarxeta ao correo linguagalega.ferrolterra@gmail.com co asunto "CONCURSO TARXETA DE NADAL EN GALEGO"
3. A data límite de entrega será o luns 19 de decembro de 2022.

Premios

Os premios ás mellores tarxetas serán os seguintes:

- 1º premio: 100 €
- 2º premio: 50 €
- 3º premio: 25 €

Xurado

Profesor@s das diferentes familias profesionais, equipo directivo e alumnado.

Valorarase a creatividade, orixinalidade, o uso das novas tecnoloxías e o uso correcto do galego.